



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Estadías Clínicas III		Código	750G01027
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	18
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
	Pesado Cartelle, Jose Angel		j.pesado@udc.es	
	Varela Feal, Nuria Esther		nuria.varela.feal@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Son estancias clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos, dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes nunha situación real.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario	A62	B1	C1
		B3	C3
		B5	
		B7	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
		B14	
		B22	
		B24	
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos	A62	B1	C1
		B3	C7
		B6	C12
		B7	
		B9	
		B11	
		B12	
		B14	
		B15	
		B16	



Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital.	A62	B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19	C3 C4 C10 C11
Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B5 B9 B10 B12 B13 B20	C7
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B13 B16 B24	C4 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios, que permiten ao alumnado a integración nas diferentes contornas clínicas, así como comprender e implementar as funcións das/os enfermeiras/os, integrando e desenvolvendo os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A62 B1 B3 B8 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B22 C1 C7 C10 C11	2	12	14
Solución de problemas	A62 B1 B3 B5 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	0	15	15
Portafolios do alumno	A62 B3 B8 B12 C1 C7 C11 C12	0	22	22



Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	360	35	395
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. realízase un seminario obrigatorio antes do inicio da rotación no ámbito sociosanitario
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. No ámbito sociosanitario o alumnado seleccionaran un residente con dependencia moderada para realizar unha planificación de coidados individualizada. Realízase tutoría obrigatoria para realizar a avaliación da planificación de coidados realizada e facilitar a reflexión acerca do xuicio clínico.
Portafolios do alumno	Para a valoración final das prácticas (Saúde Mental) é obrigatorio a entrega dun portafolio (comentario reflexivo) (non cuantificable) sobre as vosas prácticas nas unidades de saúde mental polas que rotades. O máximo de extensión do comentario é de 350 palabras. O obxectivo dun ensaio reflexivo non só é falar do que aprendiches, senón que tamén é importante transmitir as túas experiencias persoais e as conclusións resultantes.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	A atención personalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o alumnado debe alcanzar. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico e/ou moodle. A atención personalizada relacionada coa solución de problemas ten como finalidade orientar o alumnado na realización dos mesmos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico e/ou moodle. A atención personalizada será obrigatoria na presentación do caso clínico que se realizará no ámbito sociosanitario
Seminario	
Solución de problemas	
Portafolios do alumno	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a escola. Como resultado do rotatorio práctico, xerárase un informe final, o cal será elaborado polo profesor que tutorice ao alumno/a no centro sanitario. Este informe será finalmente valorado polo profesor responsable da materia. Na elaboración do informe final teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do/a alumno/a.	60



Solución de problemas	A62 B1 B3 B5 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	Criterios de avaliación: 1. Asistencia obrigatoria (Seminario) 2. Presentación e estrutura: ata 1 puntos. 3. Claridade na redacción: ata 0,50 puntos. 4. Capacidade de análise e síntese: ata 0,50 puntos 5. Capacidade de crítica e achega persoal: ata 2 puntos. Criterios de avaliación no ámbito sociosanitario: Según rúbrica de avaliación, entregada o primeiro día no seminario a todo o alumnado. Asistencia obrigatoria (Seminario) 1. Valoración 2. Diagnósticos de Enfermaría. NANDA 3. Resultados.NOC 4. Intervencions.NIC	40
-----------------------	--	---	----

Observacións avaliación



PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal e como consta na memoria do Título de Grao

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.

A aplicación da cualificación correspondente realizarase a condición de que o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Solución de Problemas) superadas de maneira independente, en cada un dos ámbitos da Estancia Clínica

Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínica e Solución de problemas). A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 60% e solución de problemas 40%) en cada unha das partes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das Estancias Clínicas realizadas no ámbito hospitalario, sociosanitario e saúde mental.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán contorna á devandita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Solución de problemas) son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica e na solución de problemas, e as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio-xuño conservaranse para a convocatoria de xullo, coa cualificación obtida.

Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superación da materia (práctica clínica/solución de problemas), deberá recuperar toda a materia no caso de non superar ambas metodoloxías ou a parte non superada. A presentación de un novo traballo de solución de problemas, se he a parte non superada, e no caso das prácticas clínicas a recuperación será na unidade que se lle asigne, durante o mes de xullo e antes do peche de actas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son se obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomentan ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente (ver apartado 9: recomendacións).
Bibliografía complementaria	Bibliografía que os docentes recomenden ou indiquen a través do moodle

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012

Enfermaría da Saúde Mental/750G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017

Enfermaría Xerontolóxica/750G01020

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Practicum/750G01032

Observacións

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao. Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías